



LOLXA
AGROPECUARIA
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfo 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	193.658
TOTAL ASISTENCIA	866		
TOTAL ADXUDICADOS	804		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	96	143
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	113	199
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	118	232

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	340	223
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	370	260
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	388	308

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	502	318
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	524	364

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	268.482
TOTAL ASISTENCIA	410		
TOTAL ADXUDICADOS	371		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.472
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	937
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	559
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	251

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	53.659
TOTAL ASISTENCIA	78		
TOTAL ADXUDICADOS	75		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,55	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,49	2,37
RAZA RUBIA GALEGA	2,52	2,40

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,200	-0,04	<p>Setembro remata cunha nova e importante baixada do cebo, baixando as cotizacións da barreira psicolóxica do Euro. E aínda que a tendencia responde á lóxica estrutural, as baixadas no presente ano foron moi fortes. Así en setembro as cotizacións reducíronse 18 céntimos, acumulándose unha baixada de 27 céntimos dende a máxima anual rexistrada no mes de xullo. (Descenso do 22% dende a máxima anual e cotizacións 12 céntimos menores co promedio rexistrado en 2006). E os custos de alimentación nos seus máximos históricos.</p> <p>Parámetros semanais: Os pesos baixaron na presente semana 500 g. A produción manifesta que os porcos saen relativamente ben. Os motivos das baixas cotizacións explícanse polos seguintes factores: 1º. Encarecemento do Euro fronte ao Dólar, o que fai que o mercado comunitario se atope saturado coa carne que noutros anos se vendía fóra da UE. 2º. Aumento das cabanas dos dous xigantes Europeos (España e Alemaña) 3º. Incapacidade de incidir no prezo final da carne de porco. E ningún se atreve a dicir que se tocara fondo.</p>
SELECTO	1,005	-0,04	
NORMAL	0,980	-0,04	
CASTRADO	1,340	-0,04	
CANAL II	1,273	-0,052	
DESVELLE	0,52/0,58	-0,04	

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	--	S/C	--	<p>Cuarto semana na que os bacoriños non cotizan na Lonxa Agropecuaria de Galicia.</p> <p>As baixas cotizacións coas que pechou a cotización na semana 35 recomendou deixar a este mercado sen cotizacións de referencia, esperando un punto de inflexión que fixera motivar o cambio de tendencia no mercado. Pero isto aínda non se produciu, e os axentes participantes nas mesas de prezos manifestaron que é moi complicada a venda, (non existe demanda) e as cotizacións de mercado (escasas) rexístranse por baixo destes 21 €.</p> <p>O mercado dos bacoriños vese claramente presionado por dous factores fundamentais: Polos contínuos descensos do cebado, o que fai que o cebadoiro restrinxa as entradas e por outro lado, o encarecemento dos custos de alimentación merma as expectativas de rendabilidade nos cebadoiros. Situación claramente insostíbel, onde as cotizacións poden andar no 50% dos custos de produción.</p>
NORMAL	--	S/C	--	

OVOS

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,67	+0,02	1,67	+0,02	<p>Novo incremento dos ovos, aínda que desta vez, só o XL acadou unha suba manténdose constante as outras gramaxes.</p> <p>É o avícola un sector que repercutiu nas últimas semanas a suba dos pensos no produto final, algo que non se produce noutros sectores. E as perspectivas son que estas subas moderadas cheguen ao final de ano. A demanda é correcta para esta época do ano.</p>
L	1,44	0,00	1,44	0,00	
M	1,27	0,00	1,27	0,00	
S	1,12	0,00	1,12	0,00	

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,27/0,39	+0,02	<p>Quinta semana consecutiva de subas na cotización das galiñas de desvelle, cun acumulado de 10 céntimos (+35%). A razón destes incrementos segue a ser unha falta de oferta deste tipo de produtos. Existe polo tanto un claro desequilibrio entre a oferta (escasa) e a demanda dos matadoiros que se adican a sacrificar este tipo de aves.</p>

COELLO

	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO	1,49	0,00	<p>Estabilidade das cotizacións dos coellos despois das dúas subas consecutivas das semanas pasadas. Destacar que aínda que as subas acadaron os 25 céntimos, as cotizacións deste 2007 son 40 céntimos inferiores ás rexistradas no ano pasado. Ademais as cotizacións foron extraordinariamente baixas ao longo de todo o ano polo que tendo en conta uns custos de alimentación excesivamente altos, queda un longo trecho para poder revertir a situación de perdas actual.</p>